Concello de Arzúa

**BASES PARA A CONTRATACION LABORAL TEMPORAL, A XORNADA COMPLETA, MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN, DUN TRACTORISTA/ OPERARIO DE SERVIZOS VARIOS.**

## PRIMEIRA.- OBXECTO E RÉXIME XURÍDICO.

O obxecto das presentes bases é proceder á contratación dun tractorista/ operario de servizos varios.

Esta contratación realizarase na modalidade de "contrato por obra e servizo determinado", ao abeiro da normativa contida no artigo 15 do RDL 1/1995 de 24 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, así como no Real Decreto 2720/1998, de 18 decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada.

O proceso selectivo regularase polo previsto nas presentes bases e no non previsto nelas, ou en aquelo que as contradiga, será de aplicación o establecido nas seguintes disposicións: Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (en sucesivas citas EBEP); Lei 30/84, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública (naquelas disposicións aínda vixentes e que sexan básicas); Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 13 de xuño (naquelas disposición básicas); Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia; Real Decreto Lexislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia; Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia; Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local.

Con carácter supletorio tamén se aplicará o Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de selección do persoal da administración da Comunidade Autónoma de Galicia, no que non se opoña ó Real Decreto Lexislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia; e o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables.

## SEGUNDA.- FUNCIÓNS DO POSTO.

1. Realizar tarefas de desbroce de pistas e zonas verdes.
2. Limpeza e mantemento básico do tractor.
3. Colaboración en preparación de eventos e feiras, montaxe de carpas, manexo de máquinas pesadas, entre outras.
4. Tarefas de xardinería, albanelería, pintura, fontanería, electricidade.
5. Conducir o camión do lixo, cando se lle solicite.
6. Calquera outra relacionada co posto que lle encomende o seu superior xerárquico.

**TERCEIRA.- DURACIÓN.**

O período de contratación terá unha duración de 18 meses.

**CUARTA.- XORNADA DE TRABALLO.**

A xornada ordinaria de traballo será de 40 horas semanais.

**QUINTA.- RETRIBUCIÓNS SALARIAIS MENSUAIS ÍNTEGRAS**.

1.386,79 euros mensuais, distribuídos nos seguintes conceptos salariais:

- Salario Base: 1.188,68 euros
- Prorrateo de pagas extraordinarias: 198,11 euros

**SEXTA.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.**

Para participar nas probas selectivas, os/as aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes, e deberán manterse durante todo o proceso selectivo:

A) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do EBEP.
B) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non ter alcanzado a idade de xubilación forzosa.
C) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas propias do posto.
D) Non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha administración pública, nin atoparse inhabilitado/a por sentencia firme para o exercicio de funcións públicas.
E) Non estar incurso en causas de incompatibilidade do persoal ao servizo das administracións públicas conforme á normativa vixente.
F) Ter superado os estudios correspondentes á Ensinanza Secundaria Obrigatoria, ou equivalentes a efectos profesionais.
G) Estar en posesión do permiso de conducir de clase C.

**SETIMA.- PUBLICIDADE**

A convocatoria anunciarase mediante a publicación dun anuncio no periódico "El Correo Gallego" así como no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello.

Asemade, todos os anuncios relativos a este procedemento selectivo difundiranse mediante a súa publicación no devandito Taboleiro.

**OITAVA.- PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

Os/as aspirantes deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello as súas solicitudes dirixidas ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Arzúa, no prazo de dez días naturais a contar dende o seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no periódico "El Correo Gallego". Cando as solicitudes se presenten por correo ou en calquera outro lugar dos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, o remitente deberá de comunicalo por fax (981500914) ou telegrama ao Concello de Arzúa, o mesmo día no que a presente.

A solicitude, que se realizará conforme ao modelo que se achega como ANEXO II, deberá ir acompañada por orixinal ou copia compulsada da seguinte documentación:

a) DNI ou tarxeta de identidade correspondente.

b) Título de graduado en ESO ou equivalente a efectos profesionais: Título de graduado escolar, Título de bachiller elemental, Certificado de estudios primarios.

c) Permiso de conducir de clase C.

Con posterioridade, dictarase unha resolución que será exposta no Taboleiro de Edictos, na que se admitirán ós/ás candidatos/as que presentasen a documentación correctamente e se excluirá provisionalmente ós/ás candidatos que non o fixeran, coa indicación da causa de exclusión, concedéndoselles un prazo de tres días para subsanar os erros ou defectos que houbera.

Dita resolución será definitiva de non haber excluídos/as.

No caso de habelos, elaborarase posteriormente unha nova lista cos/as candidatos/as definitivamente admitidos/as e excluídos/as, que será igualmente exposta no Taboleiro de Edictos.

Nesta resolución indicarase o lugar, data e a hora de realización da proba teórica a que se refire a base novena.

**NOVENA.- COMISIÓN SELECCIONADORA.**

A Comisión Seleccionadora estará formada polos membros que a continuación se relacionan:

Presidente: D. Luis Fole Barrio. Arquitecto Técnico municipal.

Vocais:
- D. Ramón Verea Castelo. Encargado dos servizos de mantemento do Concello de Arzúa.
- D. Jesús Rúa Taboada. Conductor e operario de servizos varios.

Secretario: o da Corporación.

A Comisión Seleccionadora non poderá constituírse nin actuar validamente sen a asistencia de máis da metade dos seus membros debendo estar presentes o Presidente e o Secretario.

**DÉCIMA.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.**

A selección realizarase tendo en conta o necesario cumprimento dos principios constitucionais de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, mediante o sistema de oposición.

O procedemento de selección desenvolverase en dúas fases: a) unha proba teórica, que terá carácter eliminatorio, e b) unha proba práctica, que realizarán só aqueles aspirantes que acaden a puntuación mínima esixida para superar a proba teórica.

a) Proba teórica: Realizarase unha proba teórica que consistirá en responder con "v" (verdadeiro) ou "f" (falso) a 20 enunciados afirmativos, onde uns son

verdadeiros e outros falsos, que se formularán sobre os contidos do temario que se recollen no Anexo I.

Os aspirantes deberán presentarse para a realización do exercicio provistos do DNI ou dun documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo da Comisión Seleccionadora.

Cada enunciado formularase con dúas respostas alternativas das que so unha será correcta e deberá ser marcada cun X:

- Verdadeiro
- Falso

O exercicio realizarase a porta cerrada coa única presencia dos/as opositores/as, os membros do tribunal e as persoas colaboradoras que este último designe, no seu caso.

O tempo máximo para a realización deste exercicio será de 20 minutos.

Cada resposta correcta valorarase con 0,5 puntos. Cada resposta incorrecta restará 0,15 puntos. As respostas en branco non puntuarán.

O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos e será necesario para superalo un mínimo de 5 puntos.

As puntuacións faranse públicas unha vez rematada a corrección das probas, concretando o lugar, día e hora para a realización da proba práctica.

b) Proba práctica: Realizarase unha proba práctica que consistirá en desbrozar co tractor-desbrozadora.

O tempo máximo para a realización deste exercicio será de 15 minutos.

O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos e será necesario para superalo un mínimo de 5 puntos.

Para a realización da proba práctica seguirase a orde alfabética dos apelidos dos/as aspirantes interesados/as nesta contratación que superasen a proba teórica.

Os aspirantes deberán presentarse para a realización do exercicio provistos do DNI ou dun documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo da Comisión Seleccionadora.

As cualificacións da proba práctica efectuaranse sumando as puntuacións outorgadas por cada membro da Comisión Seleccionadora con dereito a voto, de 0 a 10 puntos, e dividindo o total entre o número de membros da Comisión con dereito a voto.

A puntuación final virá determinada pola suma da puntuación obtida na proba teórica e na proba práctica, e publicarase un Anuncio no Taboleiro, indicando a puntuación obtida por cada un dos/as aspirantes na proba teórica e na proba práctica aos efectos da súa notificación colectiva.

En caso de empate na puntuación final, resolverase o mesmo en favor do/a aspirante que obtivese maior puntuación na proba práctica.

Rematadas as probas o Tribunal aprobará a relación de aspirantes en orde de maior a menor puntuación total, propoñendo ao Sr. Alcalde para a súa contratación ao/á aspirante que encabece a relación do proceso selectivo, sen que poidan ser propostos mais aspirantes que o correspondente ao posto de traballo que se pretender contratar; e sen prexuízo de trasladar a proposta de contratación en favor do seguinte ou seguintes aspirantes pola orde de puntuación, para o suposto de que o primeiro (ou seguinte) non puideran acreditar os requisitos necesarios para ser contratados, ou renunciasen a tal contratación.

No caso de quedar deserto o proceso selectivo por non superar ningún aspirante as probas ou por non presentarse ningún a esta, o Sr. alcalde queda autorizado a convocalo novamente cantas veces fose necesario, de conformidade coas presentes bases.

**DECIMOPRIMEIRA.- INCIDENCIAS**

A Comisión Seleccionadora queda autorizada para resolver as dúbidas que se presenten e para adoptar os acordos necesarios para o bo funcionamento do deste procedemento de selección en todo o non previsto nas presentes Bases.

**DECIMOSEGUNDA.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.**

Previamente á sinatura do correspondente contrato, os/as candidatos/as seleccionados/as deberán achegar ao Departamento de Secretaría, no prazo de 3 días contados dende o seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no Taboleiro de Edictos, a seguinte documentación:

1.- Certificado médico oficial de non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co exercicio das funcións para as que resultou seleccionado/a.

2.- Declaración expresa de non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha administración pública, nin atoparse inhabilitado/a por sentencia firme para o exercicio de funcións públicas.

3.- Declaración expresa de no estar incurso en causa de incompatibilidade do persoal ao servizo das administracións públicas conforme á normativa vixente.

**DECIMOTERCEIRA.- RECURSOS.**

As presentes bases como todos os actos derivados do procedemento de selección poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos na Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

**ANEXO I**: **<u>Temario</u>**

**Tema 1.- Uso e mantemento de desbrozadoras e trituradoras**

**Tema 2.- Sinalización vial en traballos de desbroce de cunetas.**

**Tema 3.- Seguridade en tractores e máquinas agrícolas e forestais.**

**ANEXO II: Modelo de solicitude**

D/Dona ______________________ con DNI nº ______________ e domicilio a efectos de notificacións en _______________________________________________________
con nº de teléfono _________________/______________________e correo electrónico
__________________________________________________________________________
declaro ter coñecemento da convocatoria publicada no periódico "El Correo Gallego" e no Taboleiro de Edictos do Concello para participar no proceso de selección para a contratación laboral temporal, a tempo completo, mediante o sistema de oposición, dun tractorista/ operario de servizos varios.

Baixo xuramento/promesa declaro cumprir todos e cada un dos requisitos imprescindibles para participar neste procedemento selectivo, comprometéndome a xustificalos se resulto/a seleccionado/a ao remate do proceso de selección.

Por todo isto SOLICITO tomar parte neste proceso de selección acompañando a presente solicitude orixinais ou copias compulsadas da seguinte documentación:

a) DNI ou tarxeta de identidade correspondente.

b) Título de graduado en ESO ou equivalente a efectos profesionais: Título de graduado escolar, Título de bachiller elemental, Certificado de estudios primarios.

c) Permiso de conducir de clase C.

En Arzúa, a ______ de _____________ de 20____

Asdo. __________________________________

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA**

**XUSTIFICACIÓN DA CONTRATACIÓN de conformidade co disposto no artigo 23.dos da Lei 17/2012, do 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2013:**

Existencia dunha serie de espacios comúns e pistas en determinadas parroquias (como por exemplo Figueiroa ou San Estevo); así como de novas infraestructuras creadas ao longo do Camiño de Santiago (principalmente albergues e áreas de descanso) que obrigan a levar a cabo unha intensa labor de limpeza e desbroce dos terreos, ata que o seu mantemento se poda levar a cabo en condicións de normalidade.

Cúmprense nesta contratación os requisitos esixidos polo artigo 23.dos da Lei 17/2012, do 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2013; para cubrir unha necesidade urxente e inaprazable respecto do funcionamento de servizos públicos esenciais, de conformidade co disposto nos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases del Réxime Local.